


MEDIDAS PREVENTIVAS

As medidas preventivas recollidas neste tríptico están indicadas para garantir unha protección correcta tanto do persoal que poida estar a traballar en todas as áreas dun hospital onde existan RX, como dos usuarios e visitantes do devandito centro.



PARA O PERSOAL INTERNO

❖ Todo o persoal que poida traballar nas áreas de RX e quirófanos deberá levar de forma visible o dosímetro facilitado pola dirección do centro.




❖ Todos os usuarios de dosímetros deberán someterse anualmente a unha revisión médica específica.

❖ Todo o persoal que utilice equipos de RX deberá estar debidamente cualificado nas técnicas de aplicación e utilización do equipamento e nas normas de protección radiolóxicas.

❖ Todo o persoal profesional exposto non deberá permanecer dentro das salas de RX no momento de realizar o disparo, salvo cando se realicen probas dinámicas ou cando o paciente precise axuda (nenos, pacientes de idade avanzada...), que deberá protexerse utilizando os equipos de protección individual adecuados:

- Luvas chumbadas
- Protección gonadal
- Protección tiroide
- Mandil chumbado



❖ En radioloxía intervencionista, o persoal profesionalmente exposto deberá levar todas aquelas proteccións individuais que lle permitan realizar o seu labor de forma segura, así como o dosímetro colocado detrás do mandil chumbado.

❖ Cando se practiquen exploracións con escopia, o persoal deberá protexerse adecuadamente utilizando os EPI citados anteriormente.

❖ No caso de traballadoras embarazadas, a dose equivalente ao feto deberá de ser tan baixa como sexa posible, de forma que resulte improbable que a dita dose exceda de 1 mSv, polo menos desde a comunicación do seu estado até o final do embarazo.

❖ As mulleres en período de lactación non deberán realizar traballos que supoñan un risco significativo de contaminación radioactiva, polo que terá que se garantir unha vixilancia adecuada da posible contaminación radioactiva do seu organismo.

PARA OS USUARIOS DO SERVIZO

❖ Nas salas de RX só deberá permanecer o paciente, salvo naqueles casos en que o paciente poida requirir axuda (nenos ou pacientes de idade avanzada), que poderá entrar un acompañante debidamente protexido.

❖ As mulleres en idade fértil ou embarazadas que vaian ser sometidas a unha proba de RX, deberán ser informadas dunha maneira clara sobre a contraindicación de exploracións radiolóxicas nestes casos.

❖ Así mesmo, deberanse colocar carteis indicativos nos lugares visibles co fin de advertir ás mulleres que poidan estar embarazadas sobre a conveniencia de informar o médico acerca da dita condición, antes de se someter a probas con RX.

❖ Nas salas dedicadas a exploracións complexas convencionais (con escopia e imaxes varias por exploración), utilizarase a escopia ao mínimo, centrarase o RX ao paciente de forma manual e a sala de RX deberá estar permanentemente pechada.

❖ Facilitaranse ao paciente todas aquelas proteccións individuais posibles para impedir ao máximo irradiacións innecesarias.

INFORMACIÓN XERAL

CLASIFICACIÓN DO PERSOAL EXPOSTO

- ❖ **Categoría A** → Persoal que polas condicións en que realiza o seu traballo, poida recibir unha dose efectiva superior a 6 mSv por ano oficial ou unha dose equivalente superior a 3/10 dos límites de dose equivalente para o cristalino, a pel e as extremidades.
- ❖ **Categoría B** → Persoal que polas condicións en que realiza o seu traballo, é moi improbable que reciba doses superiores a 6 mSv por ano oficial ou a 3/10 dos límites de dose equivalente para o cristalino, a pel e as extremidades.


CLASIFICACIÓN E DELIMITACIÓN DE ZONAS

- ❖ **Zona controlada** → Existe a posibilidade de recibir doses efectivas superiores a 6 mSv por ano oficial ou unha dose equivalente superior a 3/10 dos límites de doses equivalentes para o cristalino, a pel e as extremidades, ou é necesario seguir procedementos de traballo con obxecto de restrinxir a exposición á radiación ionizante, evitar a dispersión de contaminación radioactiva ou previr ou limitar a probabilidade e magnitude de accidentes radiolóxicos e as súas consecuencias.

Distingúense os seguintes tipos:

- Zonas de permanencia limitada → Existe o risco de recibir unha dose superior aos límites de doses fixados.
- Zonas de permanencia regulamentada → Existe o risco de recibir en curtos períodos de tempo unha dose superior aos límites de doses establecidos e que requiren prescricións especiais desde o punto de vista da optimización.
- Zonas de acceso prohibido → Existe o risco de recibir, nunha exposición única, doses superiores aos límites marcados.

- ❖ **Zona vixiada** → Non sendo zona controlada, existe a posibilidade de recibir doses efectivas superiores a 1 mSv por ano oficial ou unha dose equivalente superior a 1/10 dos límites de doses equivalentes para o cristalino, a pel e as extremidades.



NORMATIVA APLICABLE

A normativa aplicable referente á protección sanitaria contra as radiacións ionizantes vén reflectida no RD 783/2001, polo que se aproba o Regulamento sobre Protección Sanitaria contra Radiacións Ionizantes.

© FREMAP
Estrada de Pozuelo 61
28222 Majadahonda (Madrid)

Recomendacións para a prevención de
riscos polo

USO DE EQUIPOS DE RX



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



FREMAP

Mutua Colaboradora con la
Seguridad Social nº 61



MINISTERIO
DE EMPLEO
Y SEGURIDAD SOCIAL

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL
DIRECCIÓN GENERAL
DE ORDENACIÓN DE
LA SEGURIDAD SOCIAL

Plan General de Actividades Preventivas de la Seguridad Social 2015